



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 16/07/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Abril de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 18/09/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 16 de xullo de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2165

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 16/07/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 18/09/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 16 de xullo de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2166

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **orzamento** municipal para o exercicio **2024**, por acordo adoptado en sesión celebrada o catorce de xuño de dous mil vinte e catro, en cumprimento do disposto polo artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o citado orzamento ascende, no apartado de **gastos**, á contía de **dous millóns setecentos noventa e dous mil novecentos catorce euros con vinte e seis céntimos (2.792.914,26 €)**, e no apartado de **ingresos**, á contía de **dous millóns setecentos noventa e dous mil novecentos catorce euros con vinte e seis céntimos (2.792.914,26 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo a seguinte desagregación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.297.840,24.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.313.585,01.-
3	Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4	Transferencias correntes.....	71.900,00.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	102.546,11.-
7	Transferencias de capital.....	2.000,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		2.792.914,26.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	767.089,20.-
2	Impostos indirectos.....	27.130,43.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	298.639,17.-
4	Transferencias correntes.....	1.604.463,19.-
5	Ingresos patrimoniais.....	7.775,76.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	200,00.-
7	Transferencias de capital.....	87.616,51.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		2.792.914,26.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o **cadro de persoal** para o exercicio 2024 que, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, reproducécese a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
--------------	----------	-----------	-------	-----------

1. Habilitación Nacional:

Secretario-interventor, e Letrado da Corporación

1	A1	28	OCUPADO
---	----	----	---------

Destino definitivo

1.2. Administración Xeral:**a) Área de servizos xerais:**

- Administrativo (Xefe de sección)	1	C1	22	OCUPADO
------------------------------------	---	----	----	---------

			Destino definitivo	
- Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)	1	C2	16	OCUPADO
			Destino definitivo	
- Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)/Secretaría Xulgado de Paz	1	C2	16	OCUPADO TEMPORAL
			Funcionario interino	
b) Área económica e de facenda:				
- Administrativo (posto de traballo de Contable)	1	C1	20	VACANTE
- Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais: encargado da contabilidade)	1	C2	18	OCUPADO
			Destino definitivo	
1.3. Administración Especial:				
- Arquitecto Técnico (media xornada)	1	A2	24	OCUPADO
			Destino definitivo	

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
I) Área de infraestruturas, obras, mantemento e servizos:				
Servizos especiais (Operario de Servizos múltiples)	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
II) Área de Deportes:				
Encargado instalacións e edificios municipais (Operario de Servizos múltiples)	1	-----	----	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
III) Servizos Sociais Comunitarios Básicos:				
Traballador/a Social	1	-----	----	OCUPADO
Posto de atención servizo social comunitario e Coordinación SAF xestión directa				Destino definitivo. Tempo completo
Traballador/a Social	1	-----	----	OCUPADO
Posto de apoio ao posto anterior				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 1	1	-----	----	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 2	1	-----	----	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 3	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 4	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo

Auxiliar Axuda a Domicilio nº 5	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 6	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 7	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 8	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 1	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 2	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 8	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 10	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 13	1	-----	----	VACANTE
Contrato laboral fixo				(POR EXCEDENCIA VOLUNTARIA)
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Libranzas 1	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Libranzas 2	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
IV) Xestión do Punto de Atención á Infancia:				
Técnico de Atención á Infancia/				
Encargada do centro	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
V) Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local:				
Axente de Emprego e				
Desenvolvemento Local	1	-----		OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo

VI) Servizo de Informador Xuvenil:

Informadora Xuvenil/

Encargada telecentro	1	----		OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo

VII) Desbroce e mantemento preventivo de pistas e prevención de incendios forestais e mantemento de parcelas municipais:

Oficial 2ª	1	----	----	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo

Oficial 2ª	1	----	----	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo

C) FUNCIONARIOS DE EMPLEO EVENTUAL:

Ningún.

No cadro de persoal non se contemplan as contratacións laborais temporais que o concello poida subscribir ao abeiro do convenio de incendios, do APROL rural ou doutro tipo de subvención ou financiación externa ou no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea ou a programas para actuación do emprego (como o Plan Único da Deputación) ao abeiro da disposición adicional 5ª e transitoria 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, ao abeiro do actual artigo 15 do ET.

E) PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

O Corgo, 16 de xullo de 2024.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2167

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL DE IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 08.07.2024 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana do exercicio 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, LGT, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) Real decreto lexislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 05.08.2024 ata o 07.10.2024.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 12 de xullo de 2024.- P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2168

Anuncio

APROBACION PADRÓNS FISCAIS DE IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA E IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do 08.07.2024 aprobáronse os padróns fiscais do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica e de características especiais do exercicio 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, LXT, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) Real decreto legislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 05.08.2024 ata o 07.10.2024.

De acordo co artigo 24 Real Decreto 939/2005, 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 12 de xullo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2169

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 TÉCNICO PARA AS OFICINAS DE TURISMO) AO ABEIRO DO CONVENIO PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS

POSTO DE TRABALLO: 1 TÉCNICO PARA OFICINAS DE TURISMO

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 16 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2170

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 04.07.2024, os padrónsmunicipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizovivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XUÑO/2024**, expoñenseao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazosen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de xullo de 2024.- ALCALDESA PRESIDENTA, D^a María Jesús López López.

R. 2171

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2024, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 17 de xullo de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2172

XERMADE

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da creación e funcionamento do rexistro electrónico municipal do Concello de Xermade

Aprobada inicialmente a modificación Ordenanza reguladora da creación e funcionamento do rexistro electrónico municipal do Concello de Xermade, por acordo do Pleno de data 11/07/2024, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto

Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora da creación e funcionamento do rexistro electrónico municipal.

Xermade, 17 de xullo de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2173

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **05/07/2024**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

COSPEITO: titular: DON JOSÉ MANUEL BOUZA VERDES. DNI 32*714T.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles/as xuíces/xuizas de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 11 de xullo de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 2174

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **05/07/2024**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

COSPEITO: substituto: DON JOSÉ MANUEL RUS RODRÍGUEZ. DNI 33*210X.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles/as xuíces/xuizas de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 11 de xullo de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R.2175

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **05/07/2024**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

GUITIRIZ: titular: DONA GENOVEVA DOLORES CEBEIRA BARCO. DNI 32*991S.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 15 de xullo de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R.2176

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **05/07/2024** acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

LOURENZÁ: substituto: don Miguel Ángel Gavín Sánchez. DNI 76*935P.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 15 de xullo de 2024.- O secretario de gobernó, Juan José Martín Álvarez.

R. 2177

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **05/07/2024**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

NAVIA DE SUARNA: titular: DONA CARMEN INÉS ASENJO PRADOS. DNI 76*312J.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 11 de xullo de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 2178

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 05/07/2024 acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

Pantón: substituto: don Alberto Herrán Calvo. DNI 33***625X.

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 15 de xullo de 2024.- O secretario de goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 2179

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 05/07/2024 acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

RIBADEO: substituto: DON MANUEL SALVADOR ÁLVAREZ ÁLVAREZ. DNI 76***262X.

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 11 de xullo de 2024.- O secretario de gobernó, Juan José Martín Álvarez.

R. 2180
